

EDITORIAL

Comezamos un novo ano. Neste primeiro boletín do 2015 queremos poñer de relevancia a precursora do libro electrónico, trebello moi de actualidade que xa ten provocado mais dun debate entre as xentes do noso faladoiro literario, divididos entre "conservacionistas" do papel e "progres" do dixital. Ángela Ruiz Robles, galega para mais datos, foi toda unha institución na súa época, e que ten a honra de ter patentado ó avo dos libros electrónicos, nunha aposta por reducir o numero de libros que os nenos debían levar a escola. E cara o final, un artigo onde Salvador Rodríguez, nun artigo publicado no Faro de Vigo e usando o traballo do escritor Manuel Gago Mariño, revela as orixes, "poderes" e localizacións dos cultos ás principais deidades da Galicia prerromana.

Queda por diante un ano moi interesante, agardamos que nos acompañedes nesta andaina.

Saúdos.



INDICE

- Persoeiro do mes : Ángela Ruiz Robles
- Axenda Cultural.
- Artigo: Cando todos os deuses eran galegos.

PERSONEIRO DO MES : Ángela Ruiz Robles.



Villamanín, 1895 – Ferrol, 27 de outubro de 1975

Pouco se sabe dos primeiros anos de vida de Ángela Ruiz Robles. Naceu no concello de Villamarín, provincia de León, no ano 1895, froito do matrimonio de Elena Robles, ama de casa, e Feliciano Ruiz, militar. Probablemente cursou os seus estudos superiores na Escola Normal de Mestras e Mestres de León. Neste mesmo centro impartirá as súas primeiras leccións a partir do curso 1915-16.

Entre as materias das que con seguridade foi docente na Escola Normal atópanse as de Taquigrafía, Mecanografía e Contabilidade Mercantil; as dúas primeiras foron ao longo da vida de Ángela Ruiz Robles obxecto de estudo e reflexión continua. Deste xeito, mellorar as prácticas e a metodoloxía de ensinanza nos ámbitos da taquigrafía e da mecanografía resultou ser o xermolo de boa parte da súa produción bibliográfica posterior.

Antes de chegar a Galicia aínda tivo unha estadía intermedia en Gordón (León). Aquí foi nomeada mestra directora da Escola por acordo unánime da Xunta Municipal do Concello do 16 de abril de 1917. O antedito centro escolar era sostido daquela grazas ás axudas da cunca mineira de Santa Lucía.

Só foron uns meses o tempo que Ángela Ruiz Robles permaneceu na vila leonesa xa que na convocatoria de 1918 obtivo praza de mestra co número dous das oposicións para o Maxisterio Nacional. Neste mesmo ano incorpórase ao seu destino na escola da parroquia de Santa Uxía de Mandiá (Ferrol).

Houbo de quedar bo recordo da súa estadía en Mandiá xa que, segundo noticia recollida en El Ideal Gallego (18 de decembro de 1925), Ángela Ruiz, logo de levar dez anos [sic] á fronte da escola "realizando unha magnífica labor", obtivo o

recoñecemento público dos veciños. Estes elevaron unha instancia colectiva, ao abeiro da Xunta Local e das autoridades, para solicitar "unha distinción oficial polos seus indiscutibles méritos". No mesmo artigo afirmábase que a súa dedicación docente chegaba ao punto de, logo de pechar a escola, visitar moitos fogares da parroquia "para poñer leccións desinteresadamente".

O día 12 de outubro de 1929 pronunciou unha conferencia en Ferrol que se titulaba "Historia Patria de la Raza", recollida en distintas novas de El Correo Gallego, La Voz de Galicia e El Ideal Gallego do 16 e 17 de outubro. En setembro de 1934 noméana rexente da Escola Nacional de nenas do Hospicio de Ferrol.


Así transcurren os anos, nun quefacer monótono, tenaz e magnífico a prol da educación. Ata aquí a vida e obra de Ángela Ruiz Robles transcorre polos vieiros da normalidade, a non ser polo seu indubidable interese polos asuntos sociais e a súa concepción ampla de miras da profesión que sempre exerceu: o maxisterio. Pero en breve tempo chegaría un momento clave, o primeiro annus admirabilis, 1938. Este ano publica os seus tres primeiros libros, os titulados: Compendio de ortografía castellana, Ortografía castellana e Taquigrafía martiniana abreviada moderna. Entre 1938 e 1946 edita e reedita a meirande parte da súa produción escrita, en total dezaseis obras. Debe incluírse na nómina, por alusións a el correspondencia persoal, o libro Prácticas telegráficas marítimas, a pesar de non ter constancia fidedigna da súa edición.



Durante estes mesmos anos Ángela Ruiz impartía clases particulares a opositores de Aduanas, Correos e Telégrafos; así mesmo preparaba o exame de ingreso ás Escolas de Altos Estudos Mercantís.

A súa vida docente

complétase co seu labor futuro (entre 1945 e 1975) como profesora e directora da Escola Obreira Gratuíta, do Instituto Ibáñez Martín e da Academia para adultos Elmaca de Ferrol. Neste sentido, a carreira profesional de Ángela Ruiz Robles foi recoñecida co ingreso na Orde civil de Afonso X, o Sabio, con categoría de Cruz (22 de setembro de 1947); a imposición celebrouse con todo o boato no salón de actos do Concello de Ferrol (19 de xullo de 1950).



Por outra banda, cómpre comentar que a súa constante inquedaanza didáctica e pedagóxica levouna a camiñar pola senda da inventiva. Neste eido, practicamente ermo en canto á presenza de mulleres españolas ata a década de 1970, dona Ánxela deseñou a máquina taquimecanográfica, un mapa e atlas lingüístico gramatical e unha

enciclopedia mecánica, cos que obtivo abondosos recoñecementos e premios nos certames celebrados nas cidades de Zaragoza, Xixón, Barcelona, Madrid, París e Xenebra.

Finalmente, Ánxela Ruiz Robles foi, desde xuño de 1959, xestora delegada da Agrupación Sindical de Inventores Españois (ASIE) en Galicia e, desde setembro de 1973 xefa provincial da Federación Politécnica Científica da Inventiva Internacional. A base fundamental do seu traballo profesional radicou sempre na necesidade vital de innovar nos ámbitos da pedagogía e da didáctica.

AXENDA CULTURAL :Xaneiro.



Auditorio

- Venres 2, as 19:00 : película : **Holy Night**
- Domingo 4, as 19:00 : actuación do mago **Javier Muro**.
- Sábado 10, as 20:00 : actuación da **Banda de Gaitas da Deputación de Pontevedra**.
- Domingo 11: as 19:00 : **Banda municipal de Ribadumia** xunto á **Coral Polifónica de Vilaxoán**.
- Domingo 18, as 19:00 : Teatro Alecrin estrea a obra **Un bulto negro**.
- Domingo 25, as 19.00 : **Banda de gaitas Airiños do Castelo**.

ARTIGOS : Cando todos os deuses eran galegos.




O castro de OFacho, en Cangas, consagrado ao deus Berobreo. / GONZALO NÚÑEZ

“Na Idade de Ferro, no noroeste de Iberia circulaban relatos de tipo mítico concernentes aos temas habituais nas mitoloxías, como son a concepción xeral do mundo e da vida humana cunha reflexión específica sobre o Máis aló; tamén se incluíría a xenealoxía dos deuses e a especificación dos seus atributos e

poderes, aínda que apenas saibamos algúns fragmentos ou temas duns poucos deles. A relixión dos galaicos era, por tanto, unha relixión con mitos e unha relixión con deuses. Pero, que deuses?”. Este é un parágrafo do posfacio que o catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago, Marco Virgilio García Quintela, inclúe no libro de recente aparición escrito por Manuel Gago Mariño *"Vento e chuvia"* (Xerais), enmarcado na iniciativa multimedia *"Mitoloxía dá antiga Gallaecia"*. O libro recrea once relatos doutras tantas divindades cuxa adoración estaba aínda vixente cando os romanos chegaron a estas terras. É máis, tal era a implantación destes cultos entre aqueles galegos que, en certos casos, ante as dificultades que levaba a súa erradicación, os colonizadores imperiais optaron por *"romanizar"* ás súas divindades.

O caso máis representativo desta *"romanización"* foi o de **Reve**, unha deidade moi estendida no territorio da antiga Gallaecia da que, segundo explica Manuel Gago, podemos afirmar que se trata do *"deus máximo e principal do panteón galaico"*, ao que os romanos non tardaron en asociar co seu Júpiter, con epítetos como



"Óptimus" e "Máximus". O aínda recente achado dun baixorrelevo cunha figura dotada dun martelo e un gran pene, ao pé do monte Larouco, territorio portugués fronteirizo coa provincia de Ourense, afianzou as teorías de antropólogos e historiadores que sosteñen que existe unha vinculación entre o Reve galego e o deus Dagda, irlandés. Para Gago Mariño, este achado foi un descubrimento insólito, pois se trataría dun dos pouquísimos casos nos que se conserva unha iconografía dun deus de identidade galega, un feito que só ten precedente no achado en Lourizán (Pontevedra) doutro baixorrelevo cunha figura de Vestio Alonico que

actualmente se conserva no Museo Provincial de Pontevedra. Do culto a Reve tamén se poden atopar pegadas na contorna do manancial das Burgas, en Ourense, onde en 2007 descubríronse cinco altares de culto a este "deus supremo" dos nosos antepasados.

"E é que -aínda que xa parece que non están -asevera Manuel Gago- hoxe en día é posible seguir a pista destas divindades en lugares concretos onde se acharon restos arqueolóxicos, ata o punto de que podería trazarse unha apaixonante e interesantísima Ruta dos Deuses Galegos".

Así, se monte Larouco e As Burgas relaciónanse con Reve, os restos do castro e mesmo a ponte romana da parroquia coruñesa de Brandomín, serían o feudo de Cossue (tamén chamado Coso e Cosus), un deus guerreiro ao que Estrabón equipara a Ares, vinculado, ademais de coa guerra, con "a furia e a tolemia". *"Cossus -afirma Gago, profesor da USC, director do portal do Consello da Cultura Galega e promotor de numerosas iniciativas de difusión e recuperación do patrimonio arqueolóxico galego - foi especialmente venerado no occidente de Galicia e o seu culto foi levado ás medulas de O Bierzo, posiblemente por un grupo de emigrantes ou deportados".*

Pola súa banda, **Bandua** é unha divindade galaica e lusitana con atributos guerreiros, como Cossue, pero que *"moitas veces -refire Gago- aparece vinculada*

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

sobre todo ás comunidades, coma se fose o seu protector". Fronte á furia salvaxe de Cossus, Bandia sería "o guerreiro capaz de actuar en compañía e que sempre defende aos homes". O castro de San Cibrán das Viñas (Ourense) foi unha auténtica cidade baixo a protección desta deidade, como así o acredita unha ara localizada nel, e que agora se garda nun pazo próximo.



O antes citado **Vestio Alonico** viña ser, segundo o autorrelevo conservado, "unha especie de home con dous grandes cornos que mira de fronte e abre ben os brazos, cunhas mans grandes e desproporcionadas". Pertence á, por así dicilo, familia de homes-cervo, deuses da natureza da prehistoria europea coñecidos como Cernunnos. Segundo algúns investigadores, a posición da figura que se preserva, acollendo cos brazos abertos, avisa do seu carácter de gardián da entrada ao "outro Mundo".

Navia, que dá nome a unhas cantas vilas de Galicia e Asturias, é unha deusa feminina asociada aos ríos e ao trasmundo (sería unha especie de "condutora de almas) aínda que hai tamén teorías que a relacionan coa fecundidade feminina.

De posible orixe celta (do irlandés Lugh), **Lugove** é o "príncipe dos saberes, o deus das ciencias e as artes, aínda que non ten unha función asignada, porque as exerce todas". Aras de culto a Lugove consérvanse no Museo Provincial de Lugo.

No paradisiaco Cabo Home (Donón-Cangas), concretamente en Monte Facho, xa en plena época romana os galaicos retornaron a un antigo poboado abandonado e alí dedicaron, en terrazas sobre o mar, numerosas aras en adoración a **Berobreos** (ou Berobreo), un deus con múltiples poderes, entre os cales destaca, segundo as investigacións efectuadas, as súas facultades salutíferas."A *Berobreos pedíanselle favores relacionados coa saúde e, neste*

sentido- indica Manuel Gago Mariño- *pareceríase moitísimo a eses santos e virxes que tanto proliferan en Galicia.*" Aras achadas en Monte Facho consérvanse no Hospitaliño de Cangas e no Museo Municipal de Vigo.

Tamén da saúde ocúpase **Bormánico**, aínda que esta divindade esta moi vinculada ás augas termais. Non en balde pódese seguir a súa pista en Caldas de Reis (alí co nome de Edovios) e en Cuntis . Tamén no pazo de Castrolandín rastréxanse as pegadas desta deidade, así mesmo relacionada con deuses termais británicos.

Da lucense **Poemana**, probable equivalente galaico de Epona, deusa pancéltica protectora do gando e, sobre todo, dos cabalos, localízase o seu culto no interior da provincia lucense, en tanto outras deidades femininas, as chamadas **Sulas Nantugaicas**, están emparentadas coas ninfas da cidade de Ourense. Localizadas en Paderne (Allariz), as Sulas están vinculadas ao mundo familiar e ao universo doméstico: son protectoras do fogar.



Especial mención merece, por último, o moi estendido culto á serpe entre os antigos poboadores de Galicia. "*Este animal -di Manuel Gago- xoga un importante papel na cultura galega desde hai milenios, pois xa se advirte a súa presenza, ademais de en os castros, nos petróglifos*". Tanto é así que no primeiro texto referido a Galicia, a "Ora Marítima",

alúdese xa a unha mítica invasión de serpes que expulsa aos habitantes deste territorio. A provincia de Pontevedra ten magníficos exemplos de serpes gravadas nos castros, de entre os cales o profesor Gago recomenda as do castro de Troña (Ponteareas) e o castro de Penalba (Campo Lameiro), este último a máis espectacular de todas.